

## **I EDICIÓN DO PREMIO “PONTEAREAS, LINGUA E EMPRESA” BASES**

### **Primeira. Obxectivos**

A convocatoria do Premio “Ponteareas, lingua e Empresa” , do Concello de Ponteareas, ten como finalidade promover o uso da lingua galega na actividade económica do Concello de Ponteareas, estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais, e recoñecer publicamente a contribución ao aumento e mellora do uso social do galego desde este sector.

### **Segunda. Destinatarios/as**

Poderán ser destinatarios deste premio as empresas, autónomos e profesionais que teñan a súa sede social ou un centro de actividade no concello de Ponteareas.

### **Terceira. Méritos que se valoran**

Valorarase o uso da lingua galega na actividade empresarial en todo o que teña que ver coa comunicación externa ou relacional e coa interna ou de xestión.

En concreto, terase en conta o seguinte:

#### **A. Comunicación externa ou relacional**

- Páxina web, se a tivese.
- Redes sociais, se as tivese
- Sinalética e comunicación
- Campañas publicitarias ou materiais promocionais en calquera soporte
- Uso habitual do galego nas súas actividades e nos seus servizos
- Atención á clientela e ao público en xeral
- Calquera outro mérito que se poida salientar

#### **B. Comunicación interna ou de xestión**

- Comunicación interna co persoal ou entre os diferentes departamentos, se os houberse.

-Existencia de normas de usos lingüísticos que fomenten o uso do galego e a diversidade lingüística.

-Calquera outro mérito que se poida salientar

Tamén se terá en conta o ámbito de influencia ou o impacto que a actividade poida ter en sectores especialmente relevantes para o proceso de normalización lingüística.

### **Cuarta. Premio**

Convócanse as seguintes categorías do premio:

- Uso continuado da lingua galega
- Incorporación recente ao uso da lingua galega
- Traxectoria do uso da lingua galega ao longo de décadas.

Concederáse un premio por categoría.

O Premio “ Ponteareas, Lingua e Empresa”, do Concello de Ponteareas terá carácter de distinción pública e, polo tanto, materializarase nunha figura exclusiva realizada polo escultor Silverio Rivas, sen que leve aparellado ningún beneficio económico.

As empresas, autónomos ou profesionais premiados poderán mencionar na súa comunicación a obtención desta distinción e mesmo incluila na súa publicidade ou papelería.

Os premios serán entregados nun acto público ao que se lle dará difusión polos medios que o Concello de Ponteareas acorde.

### **Quinta. Xurado**

O xurado será nomeado pola Alcaldía do Concello de Ponteareas e a súa decisión será inapelable.

O xurado queda facultado para interpretar as presentes bases.

O xurado propondrá as candidaturas e fallará o premio, de acordo coa finalidade deste, e poderá deixalo deserto na súa totalidade ou nalgunha das categorías.

O xurado estará formado polos seguintes membros:

Un representante do Concello de Ponteareas.

Unha persoa representativa dunha asociación en defensa da lingua.

Unha persoa representativa dunha entidade cuxo obxectivo sexa a xeneralización do uso da lingua galega na empresa.

Unha persoa representativa do eido empresarial.

Unha persoa representativa do eido comercial.

Actuará como secretario ou secretaria do xurado, con voz e sen voto, un/unha traballador/a do Concello de Ponteareas.